

O mito de Penélope

Penélope é unha personaxe da Odisea, un dos dous grandes poemas épicos atribuídos ao escritor da Grecia clásica Homero. Penélope é a esposa do personaxe principal, o rei de Ítaca Odiseo (tamén chamado Ulises). Ela espera durante vinte anos o retorno do seu marido da Guerra de Troia. Mais chega á illa a falsa noticia da morte de Ulises, e son moitos os que pretenden casar con Penélope, posto que a voda equivale ao trono de Ítaca.

Ela négase a casar con outro home. Comeza entón a tecer un sudario para Laertes, o pai de Ulises, que xa é moi vello, e dille aos pretendentes que non se decidirá por ningún até non ter rematado o sudario. Eles aceptan este prazo, mais cada noite Penélope desfai o anaco tecido durante o día para gañar tempo e non rematar nunca. Ten así enganados aos pretendentes durante anos, ata que se descobre o engano e os pretendentes deciden obrigala a elixir.

1. Fai un resumo do texto nunhas tres liñas. Debes empezar así: *Este texto trata sobre (...)*

2. Sinala a sílaba tónica das seguintes palabras do texto:

Penélope escritor morte pretenden voda trono home tecer vello descobre

3. Clasifica as palabras anteriores segundo conteñan unha vogal tónica aberta ou pechada:

ABERTA (ε, ο):

PECHADA (e, o):

4. Procura no texto un sinónimo de:

regreso >

oponse >

escoller >

artimaña >

5. A que xénero literario pertence este texto?

6. En que tempo está narrada esta historia?

7. Ao texto que vés de ler fáltalle un final. Escribe un inventado por ti (usa o reverso da folla).

8. Imaxina que es Penélope. A túa parella marcha a unha viaxe e non sabes cando vai volver. Pasan os anos e non regresa. Non sabes onde está, nin sequera sabes se segue vivo/a.

- Explica que farías ti e por que. Utiliza, como mínimo, o espazo que queda aquí debaixo:

Se eu fose Penélope...